



INFORMACIÓN PARA AS FAMILIAS:
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA RESUMIDA 2024-25

FeQ
3ºESO

PROFESOR	Begoña Gómez Díaz		
CONTIDOS	<u>1º TRIMESTRE</u> -A actividade científica: O método científico. A medida. O traballo no laboratorio. (24%) -Tarefa transversal sobre os estados da materia: a química na cociña. (10%)	<u>2º TRIMESTRE</u> -A materia: O átomo, modelos, etiquetado, radioactividade. (17%) - Elementos e compostos: táboa periódica, enlace, medida de masas en química (17%)	<u>3º TRIMESTRE</u> -Formulación e nomenclatura química de compostos binarios (IUPAC). (9%) -Cambios químicos. Leis asociadas. Axuste de ecuacións químicas. Cálculos estequiométricos básicos. A química, sociedade e medio ambiente. (16%) -Electricidade. Natureza da corrente eléctrica. Lei de Ohm. Enerxía eléctrica: produción e usos. (7%)
CUALIFICACIÓN: instrumentos, ponderación, mecanismo de recuperación	<ul style="list-style-type: none"> • Probas obxectivas (exames): 70% • Traballos de investigación (rúbrica): 5% • Proba de comprensión lectora: 5% • Iniciativa: 5% • Observación: Interese/traballo diario (libreta de control): 15% • Intentarase que haxa 2 exames por avaliación pero serán as circunstancias do momento as que así o determinen porque a carga lectiva desta materia é moi baixa. En caso de que haxa 2, farase a media ponderada entre eles para obter a nota global da parte conceptual, segundo os pesos que aparecen na táboa de contidos anterior. Se se pode levar a cabo a actividade de química na cociña no primeiro parcial farase só unha proba de coñecementos teóricos que suporá 5 puntos da nota total mentres que 2 puntos corresponderán á tarefa de química na cociña. Os 3 puntos restantes distribuiranse segundo a ponderación anterior entre traballos, iniciativa, comprensión lectora e observación diaria. • Será obrigada a entrega de 1 traballo con exposición incluída durante todo o curso. O alumnado decide cando o entrega. Non obstante, de forma voluntaria, pode optar por entregar 1 en cada avaliación. • Cando non se entregue nada de traballo nin de iniciativa, a porcentaxe de nota que lles correspondería acumularase ao apartado de OBSERVACIÓN DIARIA. • Copiar nun exame implica ser cualificado cun “cero” nesa proba. • Os indicadores de logro das rúbricas empregadas na corrección de traballos serán entregados e explicados ao alumnado ao principio de curso. • Haberá 1 proba de recuperación por avaliación, dentro das 2 semanas posteriores á finalización do trimestre suspendido. A última farase ao longo do mes de xuño, antes 		

	<p>de que finalice o curso o día 20. Finalmente poderase facer unha proba final GLOBAL na que o alumnado se examinará das partes que teña suspensas ao longo do curso.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lémbrese tamén que as probas de recuperación só permiten avaliar o aspecto conceptual do currículo, o cal só supón un 70% da nota global final, polo que acadar un 5 na proba de recuperación non implica necesariamente ter acadado a avaliación positiva na materia. Será a suma dos outros aspectos avaliados os que determinen se, en conxunto o alumno/a acadou os mínimos necesarios. • A nota final do curso será a media ponderada das obtidas nas 3 avaliacións. Para o cálculo desta media teranse en conta as notas de todas as probas realizadas no curso SEN REDONDEAR. • A temporalización da 3ª avaliación farase de tal xeito que permita obter unha cualificación da mesma coa antelación suficiente para levar a cabo unha hipotética recuperación de contidos da mesma ou de calquera das outras avaliacións se estas se suspendesen, antes de que finalice o curso o día 20 de xuño.
<p>PLAN DE LECTURA</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Farase unha proba de comprensión lectora que suporá 0,5 ptos dos 10 totais. • Proporase unha serie de libros como lecturas recomendadas: <ul style="list-style-type: none"> -“los niños en la cocina”-Hervé This. -“¿Por qué el cielo es azul?: La ciencia para todos”-Javier Fernández Panadero. -“El origen del Universo”-Lucy&Stephen Hawking. -“La clave secreta del Universo”- Lucy&Stephen Hawking.
<p>TIC</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Promoverase o uso de ferramentas TIC nas exposicións de traballos e na comunicación co profesor por vía electrónica. Así mesmo, terán que amosar a habilidade dixital suficiente como para entrar na aula virtual, xa que nesa plataforma colgaranse diversos contidos e recursos que permiten seguir o curso das explicacións.
<p>ACTIVIDADES COMPL. E EXTRAESCOLARES</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tratarase de facer polo menos 1 saída ao longo do curso relacionada coa ciencia, ou cos procesos físicos ou químicos que nos rodean.